



Biblioteca IES Mugardos

IES MUGARDOS. CURSO 2018-2019

Biblioteca IES Mugardos

A biblioteca do IES Mugardos ten unhas dimensións bastante reducidas; sen embargo, o espazo está ben aproveitado e resulta atractiva e acolledora para o alumnado que, dende o primeiro día, fai bo uso dela nos recreos para, estudar facer traballos e buscar información nun dos oito ordenadores que están á súa disposición.

No mes de setembro levouse a cabo unha remodelación das CDUs debido á colocación de novos andéis no corredor exterior onde foron recolocadas moitas das enciclopedias que ocupaban un grande espazo no interior.

Este é o oitavo ano da nosa inclusión no Programa de Mellora de Bibliotecas Escolares (Plambe). A dotación económica para o curso 2018-2019 é de 1.100 €.

No presente curso o equipo de biblioteca estará integrado por:

- Begoña Allegue (Dep. Grego) . Responsable da biblioteca
- Olga Cabalar (Dep. Música)
- Ofelia Lubián (Dep. Filosofía)
- M^a Dololere García Parada (Dep. Galego)
- Covadonga Rodríguez-Moldes Rey (Dep. Matemáticas)
- Rafael Lago (Dep. Latín)
- Olga Recio (Dep. Francés)
- Serafín Álvarez (Dep. Lingua Galega). Responsable do Club de Lectura

OBXECTIVOS

1. Ampliar o horario de apertura con atención por parte de diferentes membros da comunidade educativa.
2. Fomentar o uso da biblioteca polos distintos sectores da nosa comunidade, favorecendo a integración desta no centro e ampliando as súas posibilidades de uso.
3. Dinamizar o funcionamento dos departamentos de cara a lograr un traballo máis coherente e eficaz nas actividades de educación documental.
4. Colaborar co Equipo de Dinamización Lingüística no deseño e realización de actividades, en especial cando haxa coincidencias nas datas a celebrar.
5. Contribuír ao desenvolvemento da competencia lectora dos alumnos/as, así como da competencia para aprender a aprender e a de autonomía e iniciativa persoal, favorecendo a adquisición de estratexias que lles permitan seleccionar, interpretar e reelaborar a información de maneira crítica (en substitución do corta e pega).
6. Apoiar ao estudo e outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais.
7. Promover actividades que favorezan a sensibilización cultural e social, comezando polo acceso igualitario aos nosos recursos culturais.
8. Favorecer o acceso ás TICs e o uso crítico e responsable destas.

Biblioteca IES Mugar dos

9. Desenvolver a colección de fondos documentais impresos, audiovisuais e multimedia tendo en conta as necesidades da comunidade educativa, procurando o equilibrio, garantindo a dispoñibilidade destes e a súa difusión e circulación.
10. Mellorar a difusión e o aproveitamento das publicacións periódicas ás que está ou estará suscrito o centro.
11. Establecer canles de comunicación estables que permitan a difusión da colección e o fomento da lectura.
12. Colaborar coas familias, os concellos, as bibliotecas municipais e outras institucións de Ares e Mugar dos na dinamización da lectura.
13. Intercambiar experiencias, recursos e materiais con outras bibliotecas escolares ou públicas.
14. Arquivar e catalogar os documentos elaborados no centro por profesores e alumnos.
15. Familiarizar ao alumnado coa biblioteca como servizo público.
16. Favorecer o estudo, a investigación, a autoformación e o coñecemento no seo da comunidade educativa.
17. Conseguir que os membros da comunidade educativa se sintan e valoren como aprendices.

ACTIVIDADES

A biblioteca está fortemente implicada no desenvolvemento dunha actividade que leva sete anos de andaina con bos resultados. Trátase da “*hora de ler*” na que o alumnado adica vinte minutos ao día á lectura.

Desde a biblioteca seguiremos a insistir na inclusión da lectura expresiva por parte do alumnado ou profesorado con motivo da celebración dalgunha data importante: ((Samaín, Día da Paz, San Valentín...)).

A biblioteca é o marco onde teñen lugar a meirande parte das actividades do club de lectura (este curso posiblemente serán catro, ademais de club de pais-nais) polo que terá que xogar un importante papel de catalizador e estar atenta aos seus requerimentos.

Este curso a tema proposto para traballar desde a Biblioteca e os departamentos é “Superheroes e superheroínas”.

A biblioteca seguirá a colaborar cos proxectos que se levan a cabo no centro: Programa PROA e Club de Ciencias que empeza este curso a súa andaina.

No primeiro trimestre terá que quedar redactado o Plan Anual de Lectura.

ACTIVIDADES POR TRIMESTRE

- 1º TRIMESTRE
 - Formación de usuarios.

Biblioteca IES Mugaros

- Entrega de carnés aos novos usuarios.
 - Envío ás bibliotecas de Mugaros e Ares dunha relación de libros de lectura propostos polos distintos Departamentos.
 - 1ª semana de novembro: “*Os heroes que baixaron ao Hades*”. Un traballo no que o alumnado de latín de 4º de ESO buscará información sobre os heroes gregos que descenderon ao Hades e o significado deste descenso. Realizarase unha maqueta sa xeografía do Hades coa súa explicación.
 - Conmemoración do Día internacional da Palabra coa actividade “Os epítetos do heroe” na que o alumnado buscará a orixe etimolóxica de moitos dos epítetos aplicados aos heroes.
 - Conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Coa actividade “*A violencia reflectida na arte*” o alumnado traballará sobre unha serie de obras propostas nas que se reflicte a violencia contra as mulleres. O alumnado de Arte de 2º de Bacharelato elaborará unhas reseñas sobre as obras e o de 2º da ESO, en Valores Éticos, fará unha reflexión particular sobre o que ve nelas.
 - Publicación do boletín “Abrapalabra” con recomendacións para o Nadal.
- 2º TRIMESTRE
 - Conmemoración do Día da Paz.
 - Concurso *a-divina palabras*. Este curso o formato será distinto según o deseño no que traballou o alumnado de 1º de bacharelato o pasado curso.
 - Actividades para a celebración de San Valentín (Por determinar).

Biblioteca IES Mugar dos

- Conmemoración do Día da Muller. Proponse unha ollada sobre os movementos de mulleres heroicas que loitaron e seguen a loitar polos seus dereitos (As Guerreiras do Sari Rosa, CONAVIGUA, as Nais da Praza de Maio...)
- 3º TRIMESTRE
- Celebración do Día do Libro (Amigo Invisible, Bookcrossing). Actividade por determinar.
- Celebración do Día das Letras Galegas.
- Actividade de Escape Room sobre o personaxe do Capitán Trueno
- Elaboración dun cartel con recomendacións para o verán.
- Posta en marcha da actividade de préstamos para o verán.

HORARIO

A biblioteca está aberta todos os recreos. O préstamo realízase neste horario.

A responsable da biblioteca non ten no seu horario horas de adicación á biblioteca.

Haberá unha hora de reunión do equipo de biblioteca.

A dinamizadora

Begoña Allegue Rodríguez